

C. Baleirón Sónora (2004): “A gheada no concello de Padrón”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 331-336.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

A GHEADA NO CONCELLO DE PADRÓN

Charo Baleirón Sóñora

O Correo Galego

O Concello de Padrón caracterízase por presenta-lo fenómeno coñecido como gheada consistente en pronuncia-lo /g/ como fricativo laringal. Esta realización, a máis estendida xeograficamente, non é a única xa que, ó seu carón, podemos escoitar unha realización laringal ou glotal, unha fricativa uvular e incluso unha fricativa velar xorda.

Despois de encadrar territorialmente o concello de Padrón centrareime no obxectivo fundamental desta exposición: unha aproximación ó que é a situación actual da gheada no devandito concello. Para elaborar este segundo apartado tomei como base unha selección do material transcrito por min correspondente a 24 cintas gravadas, entre os anos 1993 e 1996, nas cinco parroquias que compoñen o concello.

ENCADRAMENTO TERRITORIAL

O concello de Padrón está situado no extremo suroccidental da provincia da Coruña, que pertence á diocese de Santiago de Compostela e é cabeceira de Partido Xudicial. Limita, dende o punto de vista administrativo, ó norte cos concellos de Rois e de Teo, ó leste co de Teo e A Estrada, con Dodro e Rois polo oeste e, no sur, linda cos concellos de Dodro, Valga e Pontecesures.

Ocupa unha superficie de 48,46 Km², está situado entre os ríos Ulla, que marca o límite coa provincia pontevedresa, e o Sar. Aínda que tradicionalmente unha parte do seu territorio se incluía na comarca natural de Amaía, xa dende os anos vinte está considerada como unha comarca xeográfica en por ela.

En canto ó número total de habitantes e tomando como base os últimos datos oficiais, pertencentes a 1.991¹, sitúase en 10.147 distribuídos en cinco parroquias: Santa María de Cruces, San Pedro de Carcacia, Iria Flavia, Santa María de Herbón e Padrón.

¹ Estes datos están tirados de *Galicia en cifras. Anuario de 1991*, pp. 284-285. O citado estudio foi elaborado polo Instituto Galego de Estatística e editado pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Se tomamos como base o criterio hábitat veremos que o fenómeno da gheada no concello de Padrón se localiza maioritariamente no medio rural, e que a súa presenza-ausencia está atravesando un período caracterizado pola tendencia á alternancia tanto no medio rural coma no urbano².

Isto constatámolo se contabilizámo-lo número de veces en que aparece realizada a pronuncia do fonema /g/ como oclusivo velar sonoro, fronte á realización fricativa larínxal ou farínxal (xorda e sonora) [h] e á velar [x] representadas polos dígrafos *gh* e *kh*, respectivamente.

Gheada acompañada de vocal ou de consoante en tódalas posicións

G	GH	KH
82 (rural)	83 (rural)	4 (rural)
50 (urbano)	21 (urbano)	7 (urbano)
17 (periferia)	7 (periferia)	3 (periferia)

Gheada no grupo medial *-ng-*

NG	NGH	NK
35 (rural)	5 (rural)	6 (rural)
2 (urbano)	0 (urbano)	1 (urbano)
3 (periferia)	2 (periferia)	2 (periferia)

Gheada nos castelanismos

GH	KH
35 (rural)	13 (rural)
2 (urbano)	7 (urbano)
3 (periferia)	1 (periferia)

En canto ó grupo formado por *g* precedido de nasal en posición medial observamos que aparece maioritariamente como *-ng-*. *-Ngh-/-nk-* rexístranse en casos moi localizados, concretamente en *domingo*, en *sangre* e nos indefinidos *ninguén*, *ningún*. Con todo, existen catro exemplos na periferia de *-ngh-* e *-nk-* (*domingho*, *dominco*) e un no urbano de *-nk-* (*dominco*). Por outra parte é necesario engadir que non rexistramos ningún exemplo de *-nk-* en falantes menores de corenta e cinco anos.

Verbo da identidade cómpre distinguir tres grupos. Un deles comprendería as persoas con idades situadas entre os 14 e os 25 anos (temos unha mostra de 11 informantes), no seguinte grupo incluíríamos as persoas de 26 a 60 (27 falantes) e no terceiro os informantes de 61 a 78 anos (12 falantes).

² Debo indicar que parto dunha mostra de 50 falantes en total. Doce deles pertencentes ó medio urbano (a vila de Padrón), 36 ó rural (catro parroquias e once aldeas), e dous á periferia urbana (barrios situados nos arredores da vila).

No primeiro grupo, 14-25 anos, é necesario facer, á súa vez, dúas subdivisións:

- a) Informantes que en situacións formais, ou coñecedores de que os están a gravar, evitan sistematicamente o emprego da gheada. Isto acontece con cinco dos once falantes.
- b) Informantes que falan espontaneamente, sen ningún tipo de reparo. Estas persoas, ás veces, descoñecen que están sendo gravadas (dúas), e outras veces manteñen de xeito consciente a gheada no seu discurso. Este grupo é o que máis nos interesa nestes momentos.

Na xeración de persoas con idades comprendidas entre os 14 e os 25 anos debemos facer referencia ó factor “concienciación lingüística”, elemento que vai determinar de maneira notable a presenza da gheada en dúas informantes do medio rural e nos dous do urbano en tódalas súas intervencións. A intención de conservaren os trazos característicos da súa fala leva a que os dous neofalantes do medio urbano, os representantes deste primeiro grupo de idade, empreguen de xeito voluntario e consciente a gheada. Por outro lado, esta mesma concienciación provoca que algúns galegofalantes, dous dun grupo de once, esaxeren a pronuncia nun intento de destacaren ou intensificaren esa característica diferencial da súa zona. De feito, case tódolos exemplos de vocábulos en que aparece *-nk-* pertencen a estes falantes.

Entre o grupo de idades que van dos 26 ós 60 anos o emprego da gheada corresponde maioritariamente con persoas do medio rural (de 21 informantes, 18 emprégana sempre ou case sempre e tres nunca ou case nunca). Por outra parte, no medio urbano de seis, dous non a empregan nunca e catro alternan a presenza e a ausencia do fenómeno.

Neste conxunto de idade deberíamos facer tamén, igual ca no anterior, dúas subdivisións:

- a) No medio rural diferenciamos un grupo de mulleres, todas elas dedicadas á venda de hortalizas no mercado, que empregan practicamente sempre a gheada fronte a outro grupo de mulleres, tamén do rural pero con oficios que se poderían clasificar como pertencentes a un nivel medio (mestra ou auxiliar de clínica) que non a utilizan nunca, agás en contadas excepcións.

En canto ós homes, que conservan a gheada en menos casos có primeiro grupo de mulleres e en máis có segundo, adoitan verse condicionados pola actitude que adoptan (formal, coloquial) e polo oficio que desempeñan (carteiro, ex-concelleiro, empresario, etc.) e, en xeral, o grao de vacilación en canto á presenza-ausencia de gheada que presentan é máis elevado.

- b) Respecto do hábitat urbano vemos como, outra vez, a alternancia é a característica fundamental. Dunha banda, encóntranse aqueles informantes que non a empregan nunca (de seis, dous) e outros informantes que alternan o seu uso (catro).

O último grupo de idades, de 61 a 78 anos, tamén se caracteriza pola vacilación ou alternancia tanto no medio rural coma no urbano. Como dato máis relevante nesta xeración e tomando como base unha mostra de doce informantes, destacámo-la diferen-

existente entre o falante representante da periferia urbana, que se comporta basicamente igual cós oito do medio rural empregando a gheada sempre ou case sempre, e os do hábitat urbano (dous) onde, a pesar de haber vacilación, é maioritaria a ausencia do devandito fenómeno.

Se nos fixamos no criterio referido ó sexo do falante, diremos que existen diferencias notables respecto do emprego da gheada por parte duns ou doutros. Así, partindo do número total de informantes (50), e tendo en conta que a mostra de mulleres é bastante máis ampla cá dos homes (33 mulleres fronte a 17 homes), obtemos unhas porcentaxes relativas que andan polo 38,41% e o 20,13% de homes que empregan [g] e [h] respectivamente, fronte a un 61,58% e un 79,86% de mulleres. A diferenza tamén é notable se tomamos como punto de referencia a pronuncia fricativa velar xorda, xa que só representan o 23,3% dos homes fronte ó 76,6% das mulleres. Non obstante, neste caso cómpre facer unha matización, xa que, entre as mulleres, hai dúas que a empregan sistematicamente de xeito consciente e voluntario e, sobre todo, a realización [x].

CONCLUSIÓNS

Como dicíamos ó primeiro, a presenza-ausencia do fenómeno da gheada en Padrón pódese cualificar como alternante. Esta alternancia conséntase non só no medio urbano senón tamén no rural e, sobre todo, en informantes pertencentes ó segundo e terceiro grupo de idades, é dicir, entre os falantes de 26 a 60 anos e os que se sitúan entre os 61 e os 78.

Nestas xeracións observamos, por outra parte, un maior grao de conservadorismo ca no resto das xeracións. Isto viría demostrado pola existencia do grupo medial *-ngh-* e *-nk-* convivindo con *-ng-*. Trátase de exemplos que se rexistran en individuos illados e en vocábulos contados: *dominco*, *sancre*, *nincún/a*, *ninquén*, *bencala* e *manqueira*.

En canto á xeración máis nova diferenciamos un grupo de galegofalantes e outro de neofalantes. No primeiro debemos distinguir, á súa vez outros dous subgrupos. Un formado por persoas que tenden a suprimiren a gheada en situacións formais e outro no que se inclúen as que a manteñen sistematicamente debido á vontade de conserva-las características propias da súa fala.

Verbo dos neofalantes, contamos con dous informantes que se corresponden con estas características e con un que alterna o emprego do castelán e do galego nas súas intervencións. Observamos cómo os dous primeiros a empregan sempre co mesmo obxectivo cós galegofalantes “concienciados”, manteren os trazos de seu, e o segundo non a emprega nunca, a non ser cun obxectivo de imprimirlles ás súas intervencións un contido irónico ou humorístico.

Cómpre indicar, ademais, que nestas persoas gheadófonas é maioritaria a presenza do grupo medial *-ng-* realizado como tal. De feito, entre os once informantes gravados

pertencentes a esta xeración, soamente rexistrei unha vez o grupo *-ngh-* na forma *sanghre*.

Por último, queremos lembrar que aínda non se superaron os prexuízos que veñen de atrás con respecto á valoración da gheada, algo que subxace no feito de que algúns falantes a eviten, consciente ou inconscientemente. Tampouco podemos esquecerlo in-fluxo exercido polo ensino, polos medios de comunicación e polo ámbito culto en xeral, xa que, aínda que é certo que axudan á normalización e á normativización do idioma, tamén o é o feito de que non promoven en ningún momento a aparición nin o afianzamento de trazos dialectais como o que nos ocupa. Todo isto unido á grande alternancia existente no emprego do devandito trazo e á pouca preocupación ou escaso interese demostrado ata o momento por parte das institucións competentes e materia de lingua, por revaloraren e axudaren a que este fenómeno se consolide, levaríanos en principio a sermos pesimistas con respecto ó futuro do fenómeno no Concello de Padrón. Con todo, ese xermolo composto por catro falantes dun total de once que compoñen a mostra de informantes pertencentes á primeira xeración, permítenos manter unha raiola de optimismo e a esperanza de que, sempre e cando o fenómeno se promova dende tódolos ámbitos, esa tendencia á alternancia se traduza nunha pervivencia da gheada no devandito concello.

ESCOLMA BIBLIOGRÁFICA

Bibliografía sobre o Concello de Padrón

Cibeira Moreiras, R. (1996): “Padrón” en *Galicia pueblo a pueblo*. La Voz de Galicia, pp. 977-982.

Galicia en cifras. Anuario de 1991 (1992): Instituto Galego de Estatística. Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda. Santiago de Compostela.

Otero Pedrayo, R. (coord.): “Padrón” en *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo XXIII, pp. 211-220.

Miralbés Bedera, R. / Torres de Luna, M.^a P. / Rodríguez Martínez-Conde, R. (1979): *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*. Monografías de la Universidad de Santiago de Compostela, 52. Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Torres de Luna, M.^a P. / Pérez Fariña, M.^a L. / Santos Solla, J. M. (1989): *Municipios y parroquias de Galicia*. Servicio de Publicacións e Intercambio científico, Universidade de Santiago de Compostela.

Bibliografía sobre a gheada

Alonso, D. / García Yebra, V. (1972): “El Gallego-leonés de Ancarés y su interés para la dialectología portuguesa” en *Obras Completas* I, Gredos, Madrid, pp. 30-331.

Álvarez Blanco, R. / Fernández Rei, F.: “En defensa da gheada” en *Teima*, nº 20, p. 18.

Carballo Calero, R. (1979⁷): *Gramática elemental del gallego común*. Galaxia, Vigo.

— (1974): “La Constitución del gallego como lengua escrita” en *Verba*, nº 1, pp. 31-40.

Costas González, X. E. (1986): “A gheada” en *Aproximación lingüística á fala de Vincios (Val Miñor)*. Memoria de Licenciatura (inédita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 45-66.

- Fernández González, J. R. (1981): “La geadá ancaresa y gallega” en *El habla de Ancares (León). Estudio fonético, morfosintáctico y léxico*. Servicio de Publicaciones. Universidad de Oviedo, pp. 55-66.
- Fernández Rei, F. (1982): “Geadá, rasgo de noso” en *La Voz de Galicia. Cadernos de Cultura*, 5-7-1982.
- (1991): *Dialectoloxía da Lingua Galega*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, pp. 163-189.
- Graña Núñez, X. (1983): “A gheada” en *Contribución ó estudio da dialectoloxía galega. Begonte (Lugo)*. Memoria de Licenciatura (inédita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 20-25.
- Mouriño Cajide, X. (1984): *A geadá galega. Estado actual da cuestión*. Memoria de Licenciatura (inédita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.
- Pensado Tomé, J. L. / Pensado Ruiz, C. (1983): “Geadá” e “Gheadas gallegas” en *Verba*. Anexo 21, pp. 9-118.
- Recalde, M. (1995): “Unha aproximación ás actitudes e prexuízos cara á gheada (dos alumnos de 2º de BUP de catro centros galegos)” en *Cadernos de Lingua* 12, pp. 5-32.
- (1994): “Gheada e situación” en *Verba* 21, pp. 339-367.
- Regueira, X. L. (1994): “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística” en *Cadernos de Lingua* 10, pp. 37-60.
- “A gheada” en *A fala do Norte da Terra Chá*. Tese de doutoramento (inédita). Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 115-121.
- Ribalta, A. (1910): *Libro da Konsagrazión. Feixe de poesías gallegas*. Madrid: Libr. Sucesores de Hernando, pp. 150-155.
- Santamarina Fernández, A. (1980) “Novas consideracións ó redor das orixes da geadá” en *Verba* 7, pp. 243-249.
- Valladares, M. (1970): *Elementos de Gramática gallega*, Galaxia, Vigo, 1892.
- (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela: Seminario Conciliar Central, pp. 6-7.
- Zamora Vicente, A. (1986): “La frontera de la geadá” en *Estudios de Filología Hispánica*. Anexo 25 de *Verba*, pp. 11-25.